

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 25/08/2022

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BOVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA
MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 25/08/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 28 de xullo de 2022.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xullo de 2022.
3. Toma de coñecemento do informe de morosidade 2º Trimestre 2022 Concello e FPSDM.
4. Toma de coñecemento da relación de Investimentos solicitados ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
5. Aprobación, se procede, da corrección de erros ó expediente de Modificación de Crédito por Suplemento de Crédito e por Crédito extraordinario N°02/SC/2022 E N°02/CE/2022
6. Aprobación, se procede, da determinación das Festas de carácter local para o ano 2023.
7. Aprobación, se procede, do IV Plan de Igualdade de Oportunidades 2023.
8. Exame das alegacións e aprobación definitiva, se procede, do Regulamento da Escola Infantil Municipal.

9. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre Mellora dos traballos de limpeza e mantemento dos espazos públicos para previr o risco de incendios.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila , para o incremento da masa arbórea nas zonas urbanas de Vilagarcía de Arousa e a súa adaptación ao cambio climático.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos/as funcionarios/as municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE XULLO DE 2022:

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación.

Non habendo ningunha proposta de rectificación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de 28 de xullo de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=1>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2022: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía durante o mes de xullo de 2022:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

Nº DESCRICIÓN

- 1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 1 Aprobación inicial da modificación do estudo de detalle
- 1 Aprobación pregos contrato administrativo.
- 1 Corrección erro resolución 30/06/2022
- 1 Recoñecemento obriga factura CEMIT xuño.
- 1 Gratificación Especial
- 1 Personación P.O. 203/2022 xulgado contencioso administrativo.
- 5 Expediente de Modificación de Crédito por xeración de crédito
- 1 Modificación de crédito por transferencia.
- 1 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 3 Resolución autorización festas e verbenas
- 1 Celebración Eventos (Atlantic Fest)
- 5 Autorización tirada de fogos de artificio
- 2 Recurso de reposición ordinario
- 4 Envío de vehículos abandonados a centro autorizado de recepción e descontaminación
- 1 Aboamento servizos en domingo e nocturnidade
- 1 Falta de carencia prestación pago delegado IT e complemento 100%
- 1 Colaboración axentes de Policía Local no Concello de Cambados Festa Alvariño 2022.
- 1 Prestación servizos Policía Local en Sanxenxo noites verán 2022.
- 1 Comunicación Xunta designación Tesoureira Accidental
- 2 Nomeamento Secretaria Accidental
- 4 Nomeamentos por substitución do Titular.
- 5 Nomeamento de funcionarios ou funcionarios interinos
- 4 Gratificación substitución posto de categoría superior
- 1 Corrección erro substitución posto superior
- 1 Pagamento Plan de Pensións
- 1 Recoñecemento pago atrasos anticipo RPT nómina xullo.
- 1 Aprobación padron auga 2ºT 2022
- 1 Recurso Contencioso Administrativo Responsabilidade Patrimonial
- 1 Recurso Contencioso Administrativo ampliación horario peche locais hostalería.
- 1 Avocación da Alcaldía das competencias da Xunta de Goberno Local para nomeamento de coordinador de Seguridade e Saúde da obra “Mellora dos camiños escolares seguros en centros da entorna de Matosinhos”
- 1 Nomeamento Coordinador de Seguridade e Saúde da obra “Mellora dos camiños escolares seguros en centros da entorna de Matosinhos”
- 2 Estimación bonificación IBI
- 23 Estimación/deseestimación Beneficios fiscais no IVTM
- 7 Estimación rateo no IVTM
- 6 Estimación liquidacións e baixas
- 8 Estimación compensación de débedas
- 7 Estimación Recibos
- 15 Estimación/deseestimación Taxas e Prezos Públicos
- 10 Estimación pagos duplicados

5 Estimatoria/desestimatoria IIVTNU
 1 Emisión tarxetas Caixabank xullo 60
 4 Pago préstamos bancarios
 5 Pagos comisións bancarias
 1 Pago intereses BBVA
 10 Pagos diversos Tesourería
 1 Ampliación de prazo para presentar documentación
 1 Cambio de titularidade e prórroga de licenza de obra
 2 Comunicación cambio titularidade actividade
 9 Expediente deber de conservación
 4 Orde execución limpeza finca
 4 Expte. Reposición da legalidade urbanística
 1 Expte Sancionador por ruído
 2 Expte Sancionador terrazas
 1 Licenza instalación terraza con mesas e cadeiras
 2 Licenza primeira ocupación edificación
 2 Conformidade a proxecto de execución
 1 Denegar prórroga para obras
 1 Denegar legalización de Toldo
 6 Declaración de ineficacia de comunicación previa
 4 Licenza de obra maior
 1 Renuncia a tramitación de licenza de obras
 7 Licenza de obra menor
 1 Licenza de segregación
 10 Licenza para acometida á rede de auga
 42 Comunicación previa para realización de obras

TOTAL: 263

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE/2022 DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do segundo trimestre de 2022, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.316.779,15	1.309.175,35
Investimentos reais	174.632,39	45.599,52
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.491.411,54	1.355.632,87

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.715.183,03	777.263,98
Investimentos reais	160.161,06	89.251,81
Outros pagos realizados por operacións comerciais	891,00	
Pendientes de aplicar a Orzamento	581.003,45	72.675,15
TOTAL	2.457.238,54	939.190,94

Período medio de pago: 69,11 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fora do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	132.407,29	26,28
Investimentos reais	700,59	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	133.107,88	26,22

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	6.851,72	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	27.152,16	
TOTAL	34.003,88	

Período medio de pago: 26,22 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PLAN CONCELLOS 2020) E RELACIÓN DE INVESTIMENTOS POR REINVERSIÓN DE BAIXAS OBTIDAS NOS INVESTIMENTOS DO PLAN CONCELLOS 2022/2023. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da seguinte relación de investimentos:

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (Plan Concellos) 2022/2023 PARA DAR CONTA AO PLENO

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada a Deputación Provincial	Achéga do Concello de Vilagarcía	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención	Data de Concesión da Subvención
REFORMA EN INSTALACIONES E PAVIMENTOS E REHABILITACION DE ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS DO CEMITERIO DE RUBIANS. CT 113/2018	LIÑA 1 / POS 2022/2023	266.200,00 €	89,55%(238.384,84€)	27.815,16 €	R.A. 25/02/2022	X.G. 27/07/2022
MELLORA DO FIRME EN VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE ZAMAR, CORNAZO E GUILLAN. CT 09/2022-e	LIÑA 1 / POS 2022/2023	242.192,22 €	100%	0,00 €	R.A.25/02/2022	X.G. 01/07/2022

--	--	--	--	--	--	--

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- .APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCION DE ERROS O EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO N°02/SC/2022 E N°02/CE/2022. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Intervención Municipal e da proposta da Alcaldía nos que se indica a existencia dun erro no acordo do Pleno Ordinario de data 30 de xuño de 2022:

Onde di:

1. Aplicacións nas que se suplementa o crédito

GRUPO	ECCA	Denominación	Importe
320	22100	Enerxía eléctrica	15.000,00
320	22103	Combustibles e carburantes	15.000,00
Total 320			30.000,00
334	203	Aluguer carrozas	16.698,00
334	22609	Cine na rúa	15.000,00
334	48201	Convenio aniversario gato negro	6.000,00
334	63200	Fondo (telón) auditorio	12.705,00
Total 334			50.403,00
338	22609	Festas	61.285,39
Total 338			61.285,39
342	410	Transf corcte fundación-gastos luz	40.000,00
342	63200	PROXECTO 2021-2-PREST-12 Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalación para instalación xaula	15.647,72
Total 342			285.233,72
931	22706	Estudos e fomento empregos	3.000,00
Total 931			3.000,00
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
Total 1530			200.000,00
2312	22610	Actividades en igualdade	10.000,00
Total 2312			10.000,00
3261	22110	Enerxía eléctrica	20.000,00
Total 3261			20.000,00
4311	22610	Achega actividades	64.597,00
Total 4311			64.597,00
TOTAL			724.519,11

2- Aplicacións que se dotan de crédito:

GRUPO	ECCA	Denominación	IMPORTE
171	60900	Parques e xardiños-outras inversións. Pump track	48.388,17
Total 171			48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76

Total 312			1.157.406,76
342	63300	Reposición xaula pista atletism	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
Total 342			32.895,60
454	203	Camiños medio rural-aluguer inst e utilaxe	15.000,00
Total 454			15.000,00
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo casa consistorial	14.129,45
Total 920			14.129,45
934	359	Outros gastos financeiros	12.000,00
Total 934			12.000,00
1530	609	Outras inversións novas en infraestruturas e bens. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total 1530			37.628,91
4311	470	Achega anualidade 2022 bonos	9.375,00
Total 4311			9.375,00
TOTAL			1.326.823,89

Debe dicir:

1. Aplicacións nas que se suplementa o crédito

GRUPO	ECCA	Denominación	Importe
320	22100	Enerxía eléctrica	15.000,00
320	22103	Combustibles e carburantes	15.000,00
Total 320			30.000,00
334	203	Aluguer carrozas	16.698,00
334	22609	Cine na rúa	15.000,00
334	48201	Convenio aniversario gato negro	6.000,00
334	63200	Fondo (telón) auditorio	12.705,00
Total 334			50.403,00
338	22609	Festas	61.285,39
Total 338			61.285,39
342	410	Transf cornte fundación-gastos luz	40.000,00
342	63200	PROXECTO 2021-2-PREST-12 Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalacións para instalación xaula	15.647,72
Total 342			285.233,72
931	22706	Estudos e fomento empregos	3.000,00
Total 931			3.000,00
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
1530	61900	PROXECTO 2021-2-PREST-1 Estradas. Outras inversións reposición de infraestruturas. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total 1530			237.628,91
2312	22610	Actividades en igualdade	10.000,00
Total 2312			10.000,00
3261	22110	Enerxía eléctrica	20.000,00
Total 3261			20.000,00
4311	22610	Achega actividades	64.597,00
Total 4311			64.597,00
TOTAL			762.148,02

2- Aplicacións que se dotan de crédito:

GRUPO	ECCA	Denominación	IMPORTE
171	60900	Parques e xardíns-outras inversións. Pump track	48.388,17
Total 171			48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76
Total 312			1.157.406,76

342	63300	Reposición xaula pista atletismo	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
Total 342			32.895,60
454	203	Camiños medio rural-aluguer inst e utillaxe	15.000,00
Total 454			15.000,00
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo+estanterías casa consistorial	14.129,45
Total 920			14.129,45
934	359	Outros gastos financeiros	12.000,00
Total 934			12.000,00
4311	470	Achega anualidade 2022 bonos	9.375,00
Total 4311			9.375,00Ond
TOTAL			1.289.194,98

Onde di:

TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a as actuacións afectadas que de seguido se indican:

Aplicación orzamentaria gastos	Denominación do proxecto	Orzamento	
334	63200	Fondo (Telón) auditorio	12.705,00
342	63200	Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalación para instalación xaula	15.647,72
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
171	60900	Construcción Pump truck	48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76
342	63300	Reposición xaula pista atletism	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo casa consistorial	14.129,45
1530	609	Outras inversións novas en infraestruturas e bens. Glorieta Fontecarmoa	37.628,91
Total inversións			1.748.387,61

Debe dicir:

TERCEIRO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a as actuacións afectadas que de seguido se indican:

Aplicación orzamentaria gastos	Denominación do proxecto	Orzamento	
334	63200	Fondo (Telón) auditorio	12.705,00
342	63200	PROXECTO 2021-2-PREST-12 Inversión pabillón Fontecarmoa	229.586,00
342	63200	Acondicionamento instalacións para instalación xaula	15.647,72
1530	61900	Vías públicas. Outras inversións repos infraest. Demolición nave ramal	200.000,00
171	60900	Construcción Pump truck	48.388,17
312	600	Adquisición terreo antiga comandancia	1.157.406,76
342	63300	Reposición xaula pista atletism	18.136,61
342	62200	Almacén campo fútbol Manuel Jiménez	14.758,99
920	62300	Instalación aire acondicionado arquivo+estanterías casa consistorial	14.129,45
Total inversións			1.710.758,70

Unha vez rectificado deberá publicarse a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia. Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Asdo.:Alberto Varela paz

Sinatura Dixitalizada

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a corrección de erros no expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito e por crédito extraordinario nº N°02/SC/2022

E N°02/CE/2022.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), PP(5), BNG (1) e Ciudadanos (1), unha abstención da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila (1) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a corrección de erros no expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito e por crédito extraordinario nº N°02/SC/2022 E N°02/CE/2022.e qu se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DETERMINACIÓN DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2023: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da ratificación polo Consello da Xunta de Galicia do calendario laboral para o ano 2023

O Concello debe remitir á Xefatura Territorial a proposta de festas locais para o ano 2023 aprobada polo Pleno do Concello.

Propónse as seguintes datas para as festas locais para o ano 2023:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común di que se manifestará no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2023, para os días 22 de maio (Festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (Festividade de San Roque).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21).

ACÓRDASE: Propoñer como festas locais para o ano 2023 os días 22 de maio (Festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (Festividade de San Roque).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO IV PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira de Igualdade, do seguinte teor:

A Área de Igualdade trae a este Pleno municipal o IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades 2022 - 2026 para a súa aprobación.

O concepto de Igualdade entre mulleres e homes fai referencia á equidade de dereitos, responsabilidades e oportunidades para todas e todos. A igualdade, entendida como tal, non é unicamente un “asunto de mulleres” senón unha cuestión de dereitos humanos e unha condición previa para a consecución dun desenvolvemento sostible centrado nas persoas.

Convértese , polo tanto, nun pilar fundamental para a construción dunha sociedade democrática, onde os dereitos e as obrigas son inherentes á condición de cidadanía, onde toas as persoas poidan participar e decidir sen distinción do seu sexo.

Esta premisa básica fundamental está recollida no IV Plan municipal de Igualdade do Concello de Vilagarcía que pretende consolidar os esforzos e o traballo municipal que dende o ano 92 se veñen desenvolvendo neste eido. Trátase de seguir promovendo e impulsando as políticas de igualdade co obxectivo impulsar e fomentar o desenvolvemento dunha cidade onde mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades en todos os ámbitos da vida.

Este IV Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades preséntase como un marco de referencia para as políticas que se desenvolven desde a nosa administración local. Constitúe o instrumento fundamental de actuación do Concello de Vilagarcía para eliminar as desigualdades de xénero. É unha ferramenta para a promoción da equidade entre mulleres e homes. Este Plan proxectouse para os catro próximos anos e indica o camiño para construír unha vila na que as mulleres sexamos máis visibles e participemos de maneira activa socialmente; na que as tarefas domésticas e de coidados estean distribuídas de maneira máis equitativa e xusta; na que a pobreza e a precariedade, que actualmente teñen rostro de muller, vaian desaparecendo; na que podamos gozar dunha vida libre de violencias; e na que se recoñeza e defenda a nosa diversidade sexual, cultural, relixiosa, funcional ou nacional.

Trátase tamén dun ambicioso plan a través do cal, se pretenden crear sinerxías entre os departamentos municipais e os principais axentes claves que operan a nivel municipal coa finalidade de acadar e proporcionar un instrumento de planificación estratéxica que articule o conxunto de accións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Para a súa elaboración tivéronse en conta, ademais da experiencia e as directrices recomendadas ao respecto, as aportacións recollidas no traballo de campo cos distintos colectivos locais e a avaliación do III Plan Municipal. O que permitiu coñecer o grao de cumprimento das accións e os obxectivos programados no mesmo así como as dificultades ou necesidades xurdidas na execución do mesmo. O Plan contempla cinco liñas de actuación

1. RAVELLA CON TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO
2. CIDADANÍA ACTIVA DAS MULLERES E APODERAMENTO
3. MODELOS IGUALITARIOS DE CONVIVENCIA
4. CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE, COIDADOS E SUSTENTABILIDADE DA VIDA
5. ABORDAXE INTEGRAL DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

En relación ao plan anterior, neste novo caben destacar os seguintes elementos:

- a importancia renovada da transversalidade como elemento fundamental para que a acción do Concello como administración vaia encamiñada á consecución da igualdade e en prol da diversidade.

- O impulso á participación activa das mulleres, perante a proposta de renovación do Consello Local da Muller.

- A visibilización e a normalización da diversidade afectiva e sexual

- A importancia dos coidados na procura dun modelo socio económico máis próximo ás necesidades das persoas fronte ás da economía.

- O traballo de atención e prevención da violencia de xénero atendendo ás novas formas de expresión desa violencia.

Por todo isto, e porque cremos que os plans municipais de igualdade, e de xeito particular este

que presentamos, é un instrumento integrador, posibilitador de maiores cotas de participación, de democracia real, que pretende intervir na sociedade e dende ela, na procura dunha sociedade mais xusta para todas e todos:

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A APROBACIÓN DO IV PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2022 – 2026, E QUE ESTA APROBACIÓN SUPONHA UN COMPROMISO DIARIO PARA A SÚA POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do IV Plan de igualdade de Oportunidades 2022-2026.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o IV Plan Municipal de Igualdade de oportunidades 2022-2026.

- De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, exponse ao público polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante este prazo os interesados poidan examinar o expediente nas oficinas da Casa do Concello e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, a teor do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- EXAME DAS ALEGADIÓNS E APROBACION DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Coordinadora de Servizos Sociais do teor literal seguinte:

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión ordinaria celebrada o 25 de novembro de 2021 acordou aprobar con carácter inicial o Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 248 do 27 de decembro de 2021.

A data 26/01/2022 a entidade BONECOS VILAGARCIA S.L presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa con nº WEB2022000522 alegacións en relación ao Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa. No citado escrito solicítase:

“ (...) en relación á primeira alegación (art. 8.1 letra d)

(...) en relación á segunda alegación (art. 9.4)

(...) en relación á terceira alegación (art.11.1 letra b, letra c, letra f e letra e)

(...) en relación á cuarta alegación (art. 21.2)

(...) en relación á quinta alegación (art. 15.2)

(...) en relación á sexta alegación (art 15.3)

(...) en relación á sétima alegación (art.15.4)

(...) en relación á oitava alegación sobre compensacións económicas:

(...) en relación á novena alegación (art.25)

(...) en relación á décima alegación (art. 27)

ACTUACIÓNS

Dende o Centro de Servizos Sociais procedeuse á elaboración do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil Municipal presentado a aprobación do Pleno da Corporación Municipal tras a análise de necesidades detectadas no funcionamento e xestión do centro, de necesidade de seguimento do servizo, das necesidades e demandas das familias e da homoxeneización na medida do posible respecto ao regulamentos das outras escolas infantís que dan servizo no municipio. Esta homoxeneización non se valora na súa totalidade e de xeito integral, tendo autonomía o Concello de Vilagarcía de Arousa como entidade titular da Escola Infantil Municipal para establecer as medidas a través do Regulamento de Réxime Interior que repercutan nunha optimización e calidade da prestación do servizo e da atención educativa e de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, tendo en conta os criterios técnicos do persoal municipal.

O regulamento elaborado e presentado para a súa aprobación polo Pleno da Corporación Municipal seguiu as directrices e artigos indicados dende o Servizo de Inspección, sendo trasladado o borrador do mesmo ao citado servizo previamente á súa presentación na Sesión Plenaria da Corporación Municipal do 25 de novembro de 2021 de cara a garantir que tras a súa aprobación o visado do mesmo polo Servizo de Inspección sería favorable.

Tras a aprobación inicial na Sesión Plenaria da Corporación Local, e tras o peche do prazo de alegacións, dende o Centro de Servizos Sociais realízase unha valoración técnica de cada unha das alegacións presentadas pola entidade BONECOS VILAGARCIA S.L da que se da conta no presente informe.

CONCLUSIÓNS

Analizado o escrito e as alegacións presentadas e atendendo ao sinalado para a optimización e calidade da prestación do servizo e da atención educativa e de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, así como as directrices do Servizo de Inspección se conclúe:

1. En relación á primeira alegación, estimando parcialmente ésta, o artigo 8.1 letra d) tería a seguinte redacción:

“ d) Horario Amplo: o centro oferta un horario amplo de atención aos nenos e nenas durante 12,5 horas ininterrumpidas. En todo caso, evitarase que o neno/a permaneza no centro máis de 8 horas diarias, agás circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

O centro conta cun horario de 07:30 a 20:00, que poderá verse modificado en función da porcentaxe de ocupación. O Concello, unha vez analizadas ás solicitudes determinará o horario de peche en función de que o número mínimo de demanda non supere o 10% da ocupación total.”

2. En relación á segunda alegación referente ao artigo 9.4 non se estima modificación conceptual, posto que o epígrafe “ Período de Adaptación” ven establecido dende o modelo de regulamento trasladado polo Servizo de Inspección de Familia e Infancia.

3. En relación á terceira alegación referente ao artigo 11 punto 1, estímase parcialmente a alegación presentada a través da seguinte modificación do artigo 11 punto 1:

“1. Calendario escolar

a) O curso escolar iniciárase nos oito primeiros días de setembro de acordo co estipulado na convocatoria de solicitude de praza e rematará o 31 de agosto.

b) Os nenos e nenas deberán gozar dun mes enteiro de vacacións. Non obstante o anterior, poderase solicitar o seu reparto en dúas quincenas acreditado pola familia e gozarse entre o 1 de setembro e o 31 de agosto.

c) A Escola Infantil prestará o seu servizo os doce meses do ano. De setembro a xuño, ambos os dous inclusive, o horario de apertura será de luns a venres de 07:30 h. da mañá ata as 20:00 h. da tarde.

d) Serán días festivos da escola os establecidos no calendario laboral polo Estado e a Comunidade Autónoma e os festivos locais que son os que aproba cada ano o goberno local e que trasladarán por circular aos usuarios/as do centro. A escola permanecerá pechada os días 7, 24 e 31 de decembro.

e) As escola infantil pechará ás 15:30 horas os días, 5 de xaneiro e martes de Entroido.

f) Durante o mes de xullo e agosto o centro poderá ter horario reducido (ata ás 15:30 h.) que se establecerá sempre por consenso cos órganos representativos do centro ou cos pais, nais ou representantes legais dos/as usuarios/as.

g) Os nenos e as nenas deberán gozar dun mes de vacacións (preferiblemente xullo ou agosto) a non ser que circunstancias suficientemente xustificadas o impidan.”

4. En relación á cuarta alegación referente ao artigo 21 punto 2 o indicado xa está recollido no regulamento e revisado pola Inspección de Familia e Infancia. En todo caso, en concordancia co descrito este punto redactarase: “ o neno/a permanecerá na casa (...)”

5. En relación á quinta alegación do artigo 15 punto 2 considérase que a Comisión educativa debe estar regulada, se ben enténdese que non forme parte da mesma a Coordinadora do Centro de Servizos Sociais Comunitario

Básico. Polo tanto considérase que o artigo 15 punto 2 letra a) tería a seguinte redacción:

“2. Comisión Educativa.

a) Órgano colexiado, coa seguinte composición:

Director/a da escola.

Todo o persoal educativo da escola (mestras/es, educadoras/es).

As súas xuntanzas poderá asistir o resto do persoal da escola, con voz pero sen voto. “

6. En relación á sexta alegación do artigo 15 punto 3 letra a), estímase a seguinte modificación:

“ 3. Consello escolar.

(...) 2 persoas representación de todas as categorías laborais que formen parte do cadro de persoal da escola “

7. En relación á sétima alegación referente ao artigo 15.4 letra b, estímase a seguinte modificación.

“ (...) Constituír e desenvolver o procedemento de admisión e ingreso, velar pola aplicación dilixente do mesmo e elaborar os informes e propostas pertinentes para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local”.

Por outra banda, nos puntos 2 e 4 do artigo 10 onde dí “Comisión de Seguimento e Baremación” debera decir “ Comisión de Seguimiento”.

8. En relación á oitava alegación sobre compensacións económicas, estímase parcialmente a alegación presentada coa modificación dos seguintes artigos:

“ Artigo 7. Capacidade do centro (...)”

3. Reservarase unha praza por cada grupo de idade, para aqueles casos que se consideraren de emerxencia, tras o informe do Servizos Sociais do Concello ou o departamento competente da administración autonómica . No caso de non ser ocupadas, serán aboadas polo Concello á empresa concesionaria .

4. No caso de integrarse nenas/os con necesidades educativas especiais, estas prazas contabilizaranse como dúas. O Concello aboará o custe correspondente da segunda praza á empresa concesionaria. “

9. En relación á novena alegación referente ao artigo 25 na súa redacción xa está reflectido “todas as persoas usuarias aboarán a contía de once mensualidades por curso, agás no caso que se autorice a asistencia do/a neno/a ao centro durante os 12 meses do ano, neste caso deberá aboar o prezo que corresponda polos doce meses de asistencia a el.”

10. En relación á décima alegación artigo 27 os prezos da Escola infantil establécense en concordancia cos prezos marcados pola normativa vixente para as escolas infantís, as achegas que se establezan dende a administración autonómica para a súa financiación e os procesos de licitación para a xestión indirecta da escola infantil municipal. A este respecto considérase oportuna a valoración da mesma polas áreas de Contratación e a Intervención Municipal.

O que se informa aos efectos oportunos

Coordinación do Centro de Servizos Sociais Comunitario.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do texto definitivo o Regulamento da Escola Infantil Municipal de conformidade co indicado no informe da Coordinadora dos Servizos Sociais. En relación coas alegacións presentadas pola Entidade

Bonecos Vilagarcía SL, coa consideración de que algunhas das alegacións son estimadas e outras desestimadas en base ao informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Polo Sr. Alcalde sométese a votación a aprobación definitiva do Regulamento coa estimación ou desestimación das alegacións presentadas pola Entidade Bonecos Vilagarcía SL, conforme ao indicado no informe da Coordinadora dos Servizos Sociais, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (12), BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1) e seis abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

- Aprobar o texto definitivo o Regulamento da Escola Infantil Municipal coa estimación ou desestimación das alegacións presentadas pola Entidade Bonecos Vilagarcía SL, conforme ao indicado no informe da Coordinadora dos Servizos Sociais.
- Publicar o texto definitivo do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORA DOS TRABALLOS DE LIMPEZA E MANTEMENTO DOS ESPAZOS PÚBLICOS PARA PREVER O RISCO DE INCENDIOS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades

Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 25 de agosto de 2022 a seguinte:

Mellora dos traballos de limpeza e mantemento dos espazos públicos para previr o risco de incendios

EXPOÑEN

Hai unhas semanas produciuse un incendio no Monte Xiabre que arrasou numerosas hectáreas nos concellos de Caldas de Reis e Vilagarcía. Un incendio que se desenvolveu moi próximo ao polígono do Pousadoiro, onde se atopan situadas naves industriais que almacenan produtos químicos, madeiras e outros materiais sensibles ao lume.

Aínda que afortunadamente neste caso non houbo que lamentar danos neste sentido, faise necesario poñer o foco na necesidade de mellorar o mantemento e a limpeza desta zona para reducir o risco de que se produzan incendios.

Dun tempo para acá, a falta das debidas tarefas de conservación provocou que a maleza se estendera e apropiase das beirarrúas e viais deste polígono. O cal supón un evidente risco ante situacións como a vivida hai unhas semanas, posto que incrementa o risco de extensión das chamas no caso de que se produza un incendio.

Unha situación que se repite ademais en moitos outros puntos de todo o noso municipio, tanto en pleno centro urbano como en zonas rurais. A presenza de maleza en parcelas privadas e nos espazos públicos aumentou considerablemente durante os últimos anos e, máis aló do prexuízo que isto poida xerar á veciñanza, consideramos que é necesario tomar unha serie de medidas ante a situación de seca e de risco de incendio que actualmente vivimos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que o Concello de Vilagarcía acometa de xeito inmediato a eliminación da maleza e garanta no tempo a limpeza dos espazos públicos de titularidade municipal no polígono do Pousadoiro. E, no caso das parcelas e/ou espazos que non sexan de titularidade municipal, que se poña en contacto con quen corresponda para garantir igualmente a limpeza e mantemento do perímetro do polígono.

2. Que o Concello de Vilagarcía, dentro dos límites competenciais marcados pola lexislación vixente, garanta que todas as fincas e parcelas do termo municipal se manteñan en condicións óptimas de limpeza e mantemento. E, no caso de desobediencia e/ou naqueles casos nos que a falta de mantemento supoña un risco evidente para a poboación, acometa de xeito subsidiario os traballos de limpeza.

En Vilagarcía de Arousa, a 16 de agosto de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre Mellora dos traballos de limpeza e mantemento dos espazos públicos para previr o risco de incendios.

Dáse conta da presentación, polo grupo político municipal do PSG-PSOE da seguinte emenda:

- No apartado 2 suprimir do texto o termino "desobediencia".

- O grupo político municipal do PP acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE aprobar moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que o Concello de Vilagarcía acometa de xeito inmediato a eliminación da maleza e garanta no tempo a limpeza dos espazos públicos de titularidade municipal no polígono do Pousadoiro. E, no caso das parcelas e/ou espazos que non sexan de titularidade municipal, que se poña en contacto con quen corresponda para garantir igualmente a limpeza e mantemento do perímetro do polígono.

2. Que o Concello de Vilagarcía, dentro dos límites competenciais marcados pola lexislación vixente, garanta que todas as fincas e parcelas do termo municipal se manteñan en condicións óptimas de limpeza e mantemento. E naqueles casos nos que a falta de mantemento supoña un risco evidente para a poboación, acometa de xeito subsidiario os traballos de limpeza.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE MARIA DA VILA, PARA O INCREMENTO DA MASA ARBÓREA NAS ZONAS URBANAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A SÚA ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de agosto de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila coa data de 16 de agosto de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de agosto, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA O INCREMENTO DA MASA ARBÓREA NAS ZONAS URBANAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A SÚA ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Estamos vivindo un verán sen precedentes en canto á sucesión de olas de calor, que fixeron alcanzar temperaturas de 40 grados case na totalidade da península. Segundo as previsións da OMS, esta situación seguirá empeorando, posto que as olas de calor serán máis frecuentes ata, polo menos, 2060. Urxe intensificar os debates respecto a como adaptar as cidades e as vilas a estas situación para poder afrontar nos espazos urbanos esta conxuntura de calor extrema.

A pesar da complexidade da situación, existen fórmulas que se veñen aplicando dende sempre e cuxa eficiencia se demostran facilmente, estamos falando das zonas verdes e árbores cuxa acción natural actúa contrarrestando a calor, só fai falla medir a temperatura das zonas arboradas e as que non o están para comprobar as diferenzas. Pero, o beneficio non é só para a zona onde se asenta o propio parque. Un estudo realizado en 30 parques de Pequín demostrou que as temperaturas nas zonas próximas poden reducirse mesmo máis que no interior do propio parque, entre 2,3°C e 4,8°C por baixo. A iso, engádense outras propostas complementarias apoiadas pola OMS, como o aumento do albedo do chan e das fachadas con pinturas brancas de dióxido de titanio (TiO₂), para reducir a proporción de radiación que as superficies devolven á atmosfera. Nada novo para miles e miles de pobos estremeños ou andaluces que desde fai centenaes de anos erixíronse coas súas casas encaladas de cores claras. Agora, as pinturas no chan –complementadas coa peonalización e a creación de xardíns urbanos– estanse a converterse nun dos piares centrais dos proxectos de urbanismo sostible impulsados en cidades como Barcelona ou París.

A inclusión das zonas verdes na planificación urbanística das cidades é fundamental. Na actualidade, máis da metade da poboación mundial vive en cidades, e calcúlase que para o ano 2050 esta cifra aumentará ata o 66% da poboación. A organización mundial da Saúde recomenda nas cidades o estándar de 1 árbore por cada 3 habitantes e de 10 a 15 metros cadrados de zona verde por habitante. Neste senso, o primeiro que nos debemos preguntar é sobre a situación actual da nosa vila e así poder actuar en consecuencia para ir evolucionando cara os parámetros axeitados. Incorporar a perspectiva do cambio climático nas novas obras de tal modo que se aumenten as zonas axardinadas no chan urbano, a creación de novos parques e

o coidado e extensión dos existentes ou a inclusión de bolsas de árbores nas zonas adxacentes ás crúas e de forma perimetral, poden contribuír a frear o efecto do cambio climático e das olas de calor na saúde e benestar das persoas.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía de Arousa a:

1. Realizar un estudo sobre a situación actual das zonas verdes do concello que inclúa un inventario cos metros de zonas verdes, número de árbores e exemplares existentes na actualidade. Publicar dito inventario na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa.
2. Realizar un mapa arbóreo e de identificación das exemplares de árbores máis representativas e importantes da nosa vila cunha escolma da súa historia, especialmente de zonas de maior riqueza como Valdés Bermejo ou o xardín da praia de Compostela. Realizar unha campaña de concienciación e divulgación da cultura de protección medioambiental.
3. Realizar campañas de sensibilización nos centros de ensino para concienciar da importancia do coidado do patrimonio arbóreo.
4. Publicar nos medios oficiais e a web os informes que se realicen sobre estado das zonas arbóreas, especialmente aqueles relativos ás posibles tallas de árbores debido ao seu estado.
5. Elaborar un proxecto para o incremento paulatino das zonas verdes e número de árbores de Vilagarcía, co fin de transitar cara as recomendacións das organizacións respecto a este tema. Neste proxecto se estudarán cuestións como a creación de bolsas de árbores en zonas como aparcamentos disuasorios ou a creación dun cinturón perimetral arborado.
6. Incluír a perspectiva do cambio climático nas novas obras tanto nos materiais como as zonas verdes a incluír. Evitar o uso ornamental das plantas, priorizando os beneficios ambientais.
7. Revisar a inclusión de fontes en novas obras nas que se empregue un recurso básico como a auga como elemento ornamental, e así evitar o seu malgasto.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Podemos-Marea da Vila e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para o incremento da masa arbórea nas zonas urbanas de Vilagarcía de Arousa e a súa adaptación ao cambio climático.

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP de substitución do apartado 5 polo seguinte texto:

5. Elaborar un proxecto para o incremento paulatino das zonas verdes e número de árbores de Vilagarcía, co fin de transitar cara as recomendacións das organizacións respecto a este tema. Neste proxecto se estudarán cuestións como a creación de bolsas de árbores en zonas como aparcamentos disuasorios de titularidade municipal ou a creación dun cinturón perimetral arborado.

- Pola Concelleira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila non se acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, sendo o resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e doce abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE Por maioría:

1. Realizar un estudo sobre a situación actual das zonas verdes do concello que inclúa un

inventario cos metros de zonas verdes, número de árbores e exemplares existentes na actualidade. Publicar dito inventario na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa.

2. Realizar un mapa arbóreo e de identificación das exemplares de árbores máis representativas e importantes da nosa vila cunha escolma da súa historia, especialmente de zonas de maior riqueza como Valdés Bermejo ou o xardín da praia de Compostela. Realizar unha campaña de concienciación e divulgación da cultura de protección medioambiental.

3. Realizar campañas de sensibilización nos centros de ensino para concienciar da importancia do coidado do patrimonio arbóreo.

4. Publicar nos medios oficiais e a web os informes que se realicen sobre estado das zonas arbóreas, especialmente aqueles relativos ás posibles tallas de árbores debido ao seu estado.

5. Elaborar un proxecto para o incremento paulatino das zonas verdes e número de árbores de Vilagarcía, co fin de transitar cara as recomendacións das organizacións respecto a este tema. Neste proxecto se estudarán cuestións como a creación de bolsas de árbores en zonas como aparcamentos disuasorios ou a creación dun cinturón perimetral arborado.

6. Incluír a perspectiva do cambio climático nas novas obras tanto nos materiais como as zonas verdes a incluír. Evitar o uso ornamental das plantas, priorizando os beneficios ambientais.

7. Revisar a inclusión de fontes en novas obras nas que se empregue un recurso básico como a auga como elemento ornamental, e así evitar o seu malgasto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

1) Polos Sres/as. Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

2) Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente formulanse rogos e preguntas..

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220825&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:25, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.